

**A C T A 4/2021**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 28 DE ABRIL DE 2021 -**

Na Casa do Concello, a vinte e oito de abril de dous mil vinte e un, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva  
D. José Manuel Elías Noya  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González  
D. Manuel Barreiro Rozados

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 03/03/2021**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 302/21 Á 396/21)**
- 3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INADMISIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2021**
- 4.- MOCIÓNS**
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa o retraso do concelleiro do PP, D. Antonio R. Sánchez Crespo, que, por motivos laborais, vai a chegar tarde, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 03/03/2021.**

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 3 de marzo de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 302/21 Á 396/21).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 26 de marzo ata o 22 de abril de 2021, que comprenden os números 302 ao 396, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INADMISIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2021.**

O sr. alcalde explica que a Unión Sindical Obreira, a través dunha das súas representantes, presentou alegacións aos orzamentos, aínda que en principio era bastante discutible a conceptualización do escrito presentado, aínda que se denomine como de alegacións, por tratarse de cuestións que non atinxían directamente aos orzamentos, en varios casos, ou cuestións que, aínda atinxindo, eran de carácter xeral e nada específico que obrigaran a unha modificación concreta dos orzamentos.

Sinala o sr. alcalde que máis alá diso, o que si está claro é que a posibilidade de presentar alegacións está bastante regrada e no informe de intervención se propón que se inadmita a alegación por non atoparse dentro dos supostos do artigo 170.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que é o que establece as causas polas que se pode inadmitir as alegacións, e nese senso vai a proposta da Alcaldía.

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de abril de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 22 de abril de 2021.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **De inadmisión de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento municipal do exercicio 2021**

Considerando que o Pleno municipal en sesión ordinaria celebrada o 3 de marzo de 2021 acordou aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2021, e expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (realizada no BOP nº 46 do 10/03/2021), coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas puideran presentar as reclamacións que xulgasen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

Visto o escrito de D.<sup>a</sup> Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO), de 25 de marzo de 2021 (Rex. 900 nº entrada 552, do 24/03/2021), formulando alegacións á aprobación inicial do Orzamento.

Considerando que, segundo o artigo 170.1 do TRLRFL, relativo á lexitimación activa das reclamacións ao orzamento, a efectos do disposto no apartado 1 do artigo 169 TRLRFL, terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

Considerando que, así mesmo, conforme ao artigo 170.2 do TRLRFL, unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Visto o informe de Intervención, do 14 de abril de 2021, que propón que se inadmita a alegación por non atoparse dentro dos supostos do artigo 170.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo

Considerando que, segundo o artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL), o orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o

prazo de 15 días de exposición ao público non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

De acordo co exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1. Inadmitir o escrito de D.<sup>a</sup> Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO), de 25 de marzo de 2021 (Rex. 900 nº entrada 552, do 24/03/2021), formulando alegacións á aprobación inicial do Orzamento do exercicio 2021 por non atoparse dentro dos supostos do artigo 170.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.**
- 2. Aprobar definitivamente o Orzamento Municipal para o exercicio 2021**
- 3. Insertar o orzamento definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.**
- 4. Notificar este acordo a todas as persoas interesadas con sinalamento dos recursos procedentes**

O sr. alcalde sinala que, en canto ao fondo da cuestión, tal e como se dixo na Comisión Informativa, o escrito de alegacións plantexa catro consideracións básicas. Unha que se cubran definitivamente as prazas que se atopan vacantes, sinalando o sr. alcalde que nese proceso se está, ademais a lexislación prevee que antes de final de ano se ten que facer a oferta pública de consolidación de todo ese persoal que está en condicións de interinidade, abríndose un prazo de tres anos para a resolución deses procesos de consolidación. Sinala que ademais noutro senso as prazas que se foron aprobando nas ofertas de emprego público se van cumprindo nos prazos legais que se establecen. Explica o sr. alcalde que a segunda consideración refírese a que se proceda a funcionarizar algunhas das prazas que están ocupadas por persoal laboral e que deben ser desempeñadas por funcionarios, e sinala que a estes efectos nos orzamentos se funciona a praza de arquitecto técnico, responsable da disciplina urbanística, dúas das asistentes sociais, as que non son funcionarias, tamén se funciona á persoa responsable do arquivo municipal, e os tres administrativos resultantes das promocións internas que se ocupan de asuntos económicos, dous deles, e do rexistro, outra. Sinala o sr. alcalde que polo tanto se da cumprida resposta

ao tema da funcionarización que sempre se dixo que ten outros agravios comparativos no Concello de Teo, como é a diferenza retributiva do persoal laboral, e xa no convenio se fixaba como un obxectivo a conseguir esa equiparación. O punto tres refírese a que se proceda á consolidación/estabilización dos empregados públicos temporais, que sinala o sr. alcalde xa o comentou antes e, en cuarto lugar, solicítase que se fomente a creación de emprego estable e a prestación dun servizo público de calidade, que considera o sr. alcalde que non deixa de ser un pouco un brindis ao sol, aínda que os orzamentos están feitos con esa orientación.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia a abstención do seu grupo, engadindo que está claro o informe de intervención polo que non teñan nada que dicir.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (6 PP e 2 BNG), acorda:**

- 1. Inadmitir o escrito de D.<sup>a</sup> Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO), de 25 de marzo de 2021 (Rex. 900 nº entrada 552, do 24/03/2021), formulando alegacións á aprobación inicial do Orzamento do exercicio 2021 por non atoparse dentro dos supostos do artigo 170.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.**
- 2. Aprobar definitivamente o Orzamento Municipal para o exercicio 2021**
- 3. Insertar o orzamento definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.**
- 4. Notificar este acordo a todas as persoas interesadas con sinalamento dos recursos procedentes**

#### **4.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

O concelleiro do BNG formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Barreiro sinala que os veciños da galuresa que está na rotonda en fronte á escola da Ramallosa din que os coches saen, en vez de por onde teñen que saír, facendo unha especie de tanxente, por diante dun portal dunha das casas e parece que xa nalgunha ocasión estiveron a punto de levar por diante algún coche que había alí ou xente saíndo. Di o sr. Barreiro que non sabe se se poderá poñer algún tipo de bolardo ou algo que impida que fagan esa saída en diagonal.

Sinala que tamén nesa mesma parede, que está entre a casa e o espazo da gasoleira, hai un cadro eléctrico que está apoiado no chan e que está conectado, e non parece que este moi ben posto. Di o sr. Barreiro que non sabe se quedou así dalgunha obra ou se é responsabilidade da gasoleira, e non sabe que é iso, porén salienta que non ten boa pinta.

##### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

##### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que a pista que vai a Noceda atópase nun estado bastante deplorable.

2.- Sinala o sr. Guerra que a pista que baixa de Xermeade á Burga está toda en mal estado.

3.- Sinala o sr. Guerra que uns veciños do camiño da Igrexa se queixan, como se tratara noutros Plenos, de que entre os número 85-86 hai unha finca que está invadida de maleza, e se queixan das ratas, das culebras e das silvas. Pregunta se hai posibilidade de actuar.

4.- Sinala o sr. Guerra que, tratándose da pista de Agoso a Santa Eufemia, os veciños piden o ensanchamento, e polo menos o asfaltado e dotala dunhas farolas, aínda que sexa dunha forma esporádica porque é un paso moi frecuentado.

5.- Refírese o sr. Guerra ao paso de peóns que tanto preocupa e que está entre o edificio das palomas e a casa de Armando, sinalando que o outro día un veciño de Cacheiras volveulle a falar dese tema, que xa se comentará nalgún Pleno.

6.- Refírese o sr. Guerra a unha pista que está moi deteriorada, un tramo corto, que vai de Cofaga, uns chales que hai na parte de atrás, que pon camiño da Coba da pereira, onde hai uns socabóns moi grandes.

7.- O sr. Guerra sinala que da pista de Malfurado xa falou máis veces, e a ver se se pode facer algunha actuación porque está moi deteriorada.

8.- Sinala o sr. Guerra que a pista que vai de Procelas á escola de Tras do Eixo está moi deteriorada.

9.- Sinala o sr. Guerra que no camiño da Veiga do 14 ao 67, o antigo serradoiro do portugués, hai un parte que está bastante deteriorada e habería que actuar.

Sendo as vinte horas e doce minutos, incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do PP, D. Manuel R. Sánchez Crespo.



10.- O sr. Sánchez sinala que en Raxó, onde está o bar canicoba, hai un indicador torcido dende fai tempo, sinalando que ou se debía colocar ou retirar.

A concelleira de Son de Teo, sra. López, sinala que se retirará.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e catorce minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz